

OS SOCIALISTAS CRITICAN QUE O PP “RENUNCIA A DEFENDER A MONFORTE” REXEITANDO UNHA INICIATIVA SOCIALISTA PARA MANTER O TALLER FERROVIARIO DA LOCALIDADE

Vicente Docasar advirte que o peche obrigará a emigrar a 20 familias de profesionais altamente cualificados nun centro viable e rendible

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 13. O parlamentario socialista Vicente Docasar lamentou hoxe que o PP teña “renunciado a defender a Monforte” ao votar en contra dunha iniciativa socialista para manter o taller ferroviario que Integria –Renfe- ten na localidade. Dixo que o peche afecta a 20 familias doutros tantos profesionais altamente cualificados que traballan no centro e que terán que emigrar de Galicia.

O parlamentario socialista puntualizou que o taller é actualmente viable e mesmo rendible, xa que presta un servizo único en todo o noroeste da península e ten unhas instalacións especializadas. Docasar explicou que mesmo é posible ampliar o servizo ofrecido polo centro de cara a responder ao tráfico ferroviario de mercadorías da liña Irún – León – Monforte – Vigo, un dos eixos transeuropeos deste tipo de transporte.

O responsable socialista reclamáballe ao Goberno galego que solicitara o mantemento do taller e a súa ampliación “para dar resposta ás necesidades do tráfico ferroviario de mercadorías” producidas pola posta en funcionamento do denominado Porto Seco por parte da Xunta. De feito, considerou “contraditorio” que o PP defenda a desaparición deste taller mentres a Xunta anuncia o Porto Seco.

Lamentou a negativa do PP a esta iniciativa, obrigando a desprazar ata Valladolid á maquinaria que necesite traballos de mantemento ou reparación en todo o noroeste. Dixo que “si queremos defender a Galicia non deixemos que nos quiten unha instalación rendible, con persoal cualificado” e instou ao PP a “meditar e reflexionar” para “non deixar a Monforte sen o pouco que temos, converténdoo nun xeriátrico ao aire libre”.

Docasar puntualizou que “non estamos falando de motivos técnicos e económicos, trátase de motivos políticos” e considerou que esta decisión resulta “ben triste tendo un presidente e unha ministra de Fomento que din ser galegos”.

Recortes

O parlamentario socialista sinalou que Renfe ten sido o “motor de crecemento económico e social” de Monforte ata os anos 90, cando comezou a producirse o recorte dos servizos prestados pola compañía, provocando “unha sangría e un empobrecemento para o conxunto da cidade”. Esta situación agrávase coa reorganización interna anunciada por Renfe, que inclúe o peche do seu Taller nesta localidade.

Esta decisión supón un “mazazo para o maltreito mercado laboral da cidade”, coa perda conseguinte dos 20 postos de traballo directos. Apunta que “isto supón unha política totalmente contraria á que estaba levando a cabo nos últimos anos o Ministerio de

Fomento, incluíndo á localidade como nodo loxístico de referencia”, mesmo presentando o proxecto de modernización da estación e da variante ferroviaria.

Puntualiza que “si se consuma finalmente esta pretensión de Integria –Renfe-, iso suporía facer xusto o contrario das pretensións que tiña o Ministerio de Fomento ata agora, porque nion se pode dicir que se quere potenciar o Porto Seco e ao mesmo tempo quitar servizos como o taller, que serían necesarios si se producira un aumento do tráfico de mercadorías”.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE